

DÍA MUNDIAL DA

6 DE OUTUBRO 2008

ARQUITECTURA

A CORUÑA



FERROL

Por unha Cidade
Sustentábel

Ferrol Vello:
Traballo e vivenda
Fábrica de lápices Hispania



LUGO

Cárcere Modelo,
1878
Nemesio Cobreros
Arquitecto.



OURENSE

As naturezas do río
no tecido urbán.
Lugares intermedios



PONTEVEDRA

Misión Biolóxica
de Galicia. Salcedo
A. De La Sota/M. Odriozola
Rehabilitación: Mauro Lomba
arquitectos



SANTIAGO

Arquitectura popular
industrial
Serradoiros abandonados
da comarca



VIGO

Arquitectura Industrial

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia-COAG- celebra hoxe día 6 de outubro o Día Mundial da Arquitectura, unha efeméride auspiciada polo Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos baixo o lema:

"FILLO, SÉ O ARQUITECTO

DUN FUTURO MELLOR"

título dun tema musical de
Giancarlo Lus. Italia

A celebración pretende chamar a atención dos cidadáns sobre a arquitectura nos seus aspectos máis cotiáns, detense na convivencia de edificios e persoas e, en definitiva, percibir esa complexidade vital na cidade. Con esta filosofía, sinálase un tema, lugar ou edificación en sete localidades galegas. A súa elección descansa na relación estreita e preocupación entre o arquitecto e as problemáticas existentes na urbe.



O COAG ten á disposición do público diversas publicacións e unha completa base informativa e documental sobre arquitectura, urbanismo e edificación.

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Por unha arquitectura que faga máis habitables as nosas cidades e territorio.

www.coag.es

NOTA DE PRENSA e documentación xeral

O Colexio de Arquitectos de Galicia celebra o luns-6 o Día Mundial da Arquitectura baixo o lema *Arquitectura e nenos*

Reclama a atención dos cidadáns sobre sete espazos galegos con visitas guiadas e diversos actos culturais, co obxecto de poñer as bases para a arquitectura dun futuro mellor

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2008 (Vía Láctea Comunicación).- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) celebra o próximo luns, 6 de outubro, o Día Mundial da Arquitectura baixo o lema **Arquitectura e nenos**, unha efeméride auspiciada polo Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España (CSCAE) e a Unión Internacional de Arquitectos (UIA).

O Día Mundial da Arquitectura deste ano está adicado á memoria do arquitecto italiano Giancarlo Lus, quen faleceu o pasado 5 de xullo durante a celebración do XXIII Congreso Mundial da Unión Internacional de Arquitectos. O lema escollido para esta efeméride está baseado no título dunha canción composta por el, "Fillo, sé o arquitecto dun futuro mellor".

Os arquitectos, neste ano, queren enfatizar a concepción do diálogo coa infancia, para transferir a herdanza da arquitectura, neste día, a través dos nenos como portadores da memoria e construtores do futuro. Segundo sinalan na declaración institucional, "a idea de que o espazo e o medio ambiente que transmitimos aos nosos fillos debe ser tan sostible e digno, polo menos, como nolo entregaron os nosos país, é un principio básico da arquitectura do século XXI".

Para os arquitectos, é fundamental mirar como os nenos, coa ollada limpa, xa que "nos axudará a non repetir os erros da cidade do século XX". Ademais, afirman que o seu obxectivo é que a arquitectura sexa responsable ante os nenos e nenas, xa que só así, "conseguirá selo ante toda a cidadanía que crecerá coas cidades do século XXI".

Con esta filosofía, sinálase un espazo nas sete cidades galegas. A súa elección descansa na relación estreita entre ese espazo e a súa contorna, coa intención de divulgar e dar a coñecer o seu valor aos cidadáns.

DELEGACIÓN	TEMA
A CORUÑA	A cidade sostible
FERROL	Ferrol Vello
LUGO	O cárcere modelo
OURENSE	As naturezas do río no tecido da cidade (espazos intermedios)
PONTEVEDRA	Misión Biolóxica de Galicia en Salcedo
SANTIAGO	Serradeiros da bisbarra de Compostela
VIGO	Fachada industrial da cidade

O día 6 de outubro de 2008 celébrase o Día Mundial da Arquitectura baixo o lema “Arquitectura e nenos”. Se nas dúas edicións anteriores a UIA (Unión Internacional de Arquitectos) dedicou as súas mensaxes a “As cidades como catalizadoras de esperanza” e á idea de “Transmitir arquitectura de emisión cero” (en relación co cambio climático), nesta ocasión se enfatiza a concepción do diálogo coa infancia, para transferir á herdanza da arquitectura, neste día, a través dos nenos, considerándoos como portadores da memoria e construtores do futuro.

A conmemoración deste ano está adicada á memoria do arquitecto Giancarlo Lus, gran amigo de España e candidato a presidente da UIA, quen faleceu repentinamente en Turín, durante a XXIV Asemblea Xeral, o 5 de xullo, o mesmo día da elección. Giancarlo Lus compuxera un poema-cantata que constitúe unha homenaxe á unión da infancia e arquitectura, relacionando entre si o soño dos nenos e nenas como arquitectos do tempo por vir. En esencia, a idea de que o espazos e o medio ambiente que transmitimos aos nosos fillos debe ser tan sostible e digno, polo menos, como o recibimos dos nosos país, é un principio básico da arquitectura do século XXI.

Nos nenos atópanse, máis que en ningunha outra etapa da vida, o xacemento de soños máis grande da humanidade. Se os soños son a memoria anticipada do futuro, “que soñara o indescifrable futuro?”, preguntábase José Luis Borges, os nenos constitúen, como proxecto e patrimonio de antelación, o gran arsenal de recursos da nosa sociedade global para dar forma as súas esperanzas de vida, en medio do desaliento pola perda de calidade na contorna das cidades.

As cidades son un recipiente dobre, de emancipación, por un lado, e de frustracións, por outro. Os nenos teñen a sensibilidade suficiente para converterse en ávidos indicadores da vida nelas e alertar de moitos dos problemas que as atezan, desde a mobilidade á contaminación, desde a precariedade do espazo público á arquitectura da rúa. Os nenos alertan das tendencias indesexables da construción do noso planeta urbano. Nos países pobres, porque son explotados e maltratados, padecendo fame e enfermidades en moita maior medida que os adultos. Nos países ricos, porque son obxecto de desexo da tutelaxe despilfarrador e do cego consumo. En ambos casos, o drama da infancia urbana consiste en que normalmente se separa aos nenos do solo, da súa contorna urbana, opoñéndolos á dura realidade e facéndolos así maiores de golpe. Moitas veces segregamos a súa contorna natural co espazos da beleza, do xogo, da imaxinación e do artificio da arquitectura do seu mundo; un mundo que é doutra escala e que, moitas veces, carece dos elementos de calidade arquitectónica imprescindibles para desenvolver a vida en harmonía.

A ollada dos nenos sobre a cidade anticipa tamén a mirada e a avaliación crítica dos cidadáns do futuro, polo que a comunicación dos nenos e a arquitectura, e a dos arquitectos cos nenos, constitúen a relación de diálogo máis potente entre o proxecto e a obra das esperanzas humanas, a capacidade de construción de formas e ideas e, con elo, o aumento dos recursos de valores, enerxías, identidades e patrimonios culturais diversos. Giancarlo Lus anticipou o debate desde o punto de vista dos arquitectos: somos responsables ante os nosos fillos e netos da arquitectura, da mirada crítica sobre a nosa forma de construír; somos responsables das esixencias acerca das escalas humanas de construción do espazos coa de calidade para todos.

Ollar como eles, coa ollada limpa, nos axudará a non repetir os erros da cidade do século XX, un modelo agresivo para a infancia en todo o mundo. O noso obxectivo é que a arquitectura sexa responsable ante os nenos e nenas. Só así se conseguirá selo ante toda a cidadanía que medrará coas cidades do século XXI.

DELEGACIÓN DE A CORUÑA DO COAG

TEMA.- A cidade sostible

A Delegación de A Coruña dedica o Día Mundial da Arquitectura á cidade sostible, configurada a través de corredoiros verdes, espazos públicos e redes de carrís-bici e transporte público ordenados para uso e lecer de peóns, ciclistas e cidadáns en xeral.

Con esta proposta, desexan amosar o seu apoio a todas aquelas propostas encamiñadas a proxectar unha contorna urbana no que o cidadán recupera o uso e lecer do espazo público a través da creación de espazos verdes, da peatonalizar selectiva das rúas, da creación de carrís-bici e de redes de transporte urbano.

Esta iniciativa trátase dunha celebración/reivindicación que ten por obxecto desprazarse a través da cidade por medios non contaminantes.

ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O PRÓXIMO LUNS-6 DE OUTUBRO

-**12.00 horas.**- Concentración de arquitectos-ciclistas-camiñantes na praza de Vigo, próxima á Delegación

- **12.30 horas.**- Percorrido ciclista: carril bus de Federico Tapia, San Andrés, San Xoán, Orillamar, Paseo marítimo de Orzán. Informarase na Coraza de Riazor sobre a cidade sostible. O paseo continuará polo paseo marítimo de Riazor, Milenium, paseo de San Pedro e O Portiño

- **14.00 horas.**- Chegada ao Portiño do pelotón ciclista e do grupo peonil. Sesión vermú

- **14.30 horas.**- Xuntanza anual dos arquitectos da Delegación de A Coruña no Portiño. Romaría, música, travesías mariñas e tarde de lecer

DELEGACIÓN DE FERROL DO COAG

TEMA.- Ferrol Vello: traballo e vivenda

Para a Delegación de Ferrol un dos principais retos do urbanismo actual é posibilitar a renovación e revitalización da cidade existente. Nos tecidos históricos como Ferrol Vello é onde prioritariamente se debe intervir non só polo seu valor patrimonial senón tamén porque son parte fundamental das cidades.

Fronte a homoxeneidade dos grandes desenvolvementos urbanos actuais, aparecen os conxuntos históricos como un “ecosistema” a protexer e, incluso, como un modelo a trasladar a outras áreas da cidade. As áreas urbanas históricas rehabilitadas (o en proceso de rehabilitación como Ferrol Vello) son un modelo urbano relativamente novo baseado en varios eixes fundamentais:

- Recuperación dos seus espazos públicos e de relación, e fomento dos equipamentos tanto públicos como privados
- Potenciación do modelo peatonal de uso da cidade e dun modelo de vida no que cobra especial importancia a proximidade dos equipamentos básicos e a compatibilización de distintos usos nun mesmo espazo urbano
- Fácil accesibilidade a estas áreas urbanas con fomento do transporte público e xeración de aparcamentos disuasorios
- Manteñemento do carácter heteroxéneo destes ámbitos en todos os seus niveis
- Rexeración dos seus bordes que permita un certo equilibrio entre o contacto destes centros históricos coa súa contorna natural e a súa adecuada accesibilidade desde o resto da cidade

As actuacións levadas a cabo pola oficina de rehabilitación nesta área; as obras de reedificación que no seu momento se fixeron na área máis degradada do barrio ou as de reurbanización de prazas e rúas, serven para ver iniciativas xa executadas ou en marcha. Éstas deben ser completadas no futuro coa redacción dun PEPRI de Ferrol Vello e o Plan Urban.

ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O PRÓXIMO LUNS-6 DE OUTUBRO

Ruta por Ferrol Vello visitando varias edificacións industriais, relixiosas e vivendas rehabilitadas pola Oficina de Rehabilitación do concello de Ferrol

DELEGACIÓN DE LUGO DO COAG

OBRA.- O Cárcere modelo

O edificio do antigo cárcere chamado Cárcere do Partido ou Cárcere Modelo, foi construído segundo o proxecto de Nemesio Cobreros en 1878. O seu interese como peza de arquitectura radica en ser, xunto coa de Vigo, os dous únicos exemplos de arquitectura penitenciaria en Galicia.

Foi construída baseada nos estudos tipolóxicos da época para estas construcións. Comézase a obra en 1882 e remátase no 1887. É un edificio sobrio ao exterior pero que encerra o espectacular espazo ao que se abren as celas no patio interior. O emprego de ferro na estrutura de cuberta e detalles de escaleiras e varandas dá un aire claramente moderno ao conxunto, que respira das arquitecturas metálicas do ferrocarril e as pontes que se están a construír.

É o segundo modelo de cárcere, seguindo o moderno modelo de módulos, que se levanta en España (o primeiro foi o Cárcere Modelo de Madrid).

Na actualidade, o edificio está ocupado pola Policía Municipal e serve de almacén para restos arqueolóxicos no solo urbano da cidade. O edificio quedou recentemente englobado no plan Urban 2007 de fondos europeos para que o concello solicita a máxima cantidade de 16 millóns de euros, que permitirá a reactivación do centro histórico e a posta en valor do cárcere vello como centro cultural polivalente.

ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O PRÓXIMO LUNS-6 DE OUTUBRO

Por ser festivo local en Lugo o próximo luns, día 6 (o día de San Froilán, domingo, 5 de outubro, pasa ao luns), ningún membro da corporación municipal, nin axentes se poden facer cargo dunha visita guiada, polo que a visita ás dependencias do cárcere quedará posposta á semana seguinte.

DELEGACIÓN DE OURENSE DO COAG

TEMA.- Espazos intermedios: as naturezas do río no tecido da cidade

O río Miño como arteria principal no tecido da cidade e todos os ríos que verten as súas augas a el, establece unha trama de percorridos e lugares onde se insertan naturezas e arquitecturas que cómpre enfocar.

En determinados segmentos, o Miño se expande nas súas márxenes para acoller a actividade lúdica e contemplativa, amortiguando a proximidade e o peso da construción. Pero máis alá desos percorridos existen outros lugares e outros ríos dentro do tecido da cidade.

ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O PRÓXIMO LUNS-6 DE OUTUBRO

- **12:00 horas.**- Colocación dunha placa conmemorativa do Día, baixo a ponte romana. Asistirán autoridades da cidade e os colexiados da Delegación de Ourense

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA DO COAG

OBRA.- Misión Biolóxica de Galicia en Salcedo

A Delegación de Pontevedra dedica este Día Mundial á Misión Biolóxica de Galicia en Salcedo dependente do CSIC. O complexo está composto por tres edificios: o pazo Gandarón, o edificio Cruz Gallástegui e o edificio Miguel Odriozola.

O pazo Gandarón foi mandado construír polo arzobispo Sebastián Malvar Pinto a finais do século XVIII, para o seu uso como residencia familiar. Ao seu carón hai un xardín que conta con numerosas especies vexetais. En diversos puntos da finca hai pequenas construcións do período no que a finca foi residencia privada.

A rehabilitación integral do pazo foi levada a cabo entre os anos 2005-2007, promovida pola Misión Biolóxica de Galicia. O arquitecto encargado da rehabilitación foi Mauro Lomba Martínez.

O edificio Cruz Gallástegui é a primeira obra do arquitecto Alejandro de la Sota. A súa construción foi promovida polo CSIC para acoller laboratorios e oficinas. O edificio ocupouse en 1969-1970 e experimentou diversas reparacións e reformas para conservalo e adaptalo ás novas necesidades.

O edificio Miguel Odriozola construíuse nos anos 1940 para a cría dunha piara de porcos. En 2002 e 2003 levouse a cabo unha reforma dirixida polo arquitecto Mauro Lomba Martínez e financiada con fondos FEDER da Comisión Europea.

ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O PRÓXIMO LUNS-6 DE OUTUBRO

- **17.30 horas.**- Visita aos edificios de Cruz Gallastegui, Miguel Odriozola e Pazo de Gandarón guiada polo arquitecto autor dos proxectos de rehabilitación, Mauro Lomba Martínez. Ao finalizar a visita, procederase a degustar un viño.

DELEGACIÓN DE SANTIAGO DO COAG

TEMA.- Serradeiros da bisbarra de Compostela

A Delegación de Santiago escolleu un grupo de serradeiros abandonados da comarca de Santiago. O motivo é a súa consideración como exemplos de arquitectura popular de uso industrial, vistos cunha mirada contemporánea: a súa falta de pretensións estéticas mantivo esta arquitectura allea aos seus prexuizos e formalismos, ao mesmo tempo, que se ciñe tan estrictamente ás necesidades do seu uso e á contorna, que agora resulta, ademais de atractiva, unha auténtica lección de futuro.

A relación que establecen coa contorna natural é consecuencia directa dos procesos de transformación do produto e da relación co medio que o sostén. Ofrécennos unha forma de comprender o territorio, que supera tanto visións nostálgicas e superficiais da natureza como as baseadas no dominio indiscriminado do home sobre el/seu mundo.

A súa implantación, cercana ás materias primas, apoiándose en accidentes xeográficos e vías de distribución, permite un aproveitamento eficiente dos recursos dispoñibles para a obtención, transformación e transporte da madeira, dando forma, ao mesmo tempo, nunha estreita relación natural e económica, ao paisaxe do que se nutre.

A materia prima, a madeira, o seu acopio e a reutilización dos seus residuos crea un universo singular, característico desta industria, que remite ao papel activo e positivo do ser humano como axente xerador de paisaxes.

Por outra banda, esta industria foi motor económico para moitas zonas de Galicia, pola abundancia e calidade da materia prima.

Estos edificios e a súa relación íntima coa materia prima que os orixinou, son un exemplo idóneo para construír a arquitectura do noso tempo, a arquitectura dun futuro mellor.

ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O PRÓXIMO LUNS-6 DE OUTUBRO

- **20.30 horas.-** Inauguración da instalación *Onde vai? Arquitectura de Madeira. Serradoiros da bisbarra de Compostela*. A instalación, que se montará na praza da Quintana e permanecerá ata o próximo 11 de outubro, estará formada por 5 torres de acopio de madeira que albergan 15 fotografías dos diferentes serradoiros de Compostela.

Trala inauguración, na que a presidenta da Delegación lerá o manifesto do Día Mundial, convidarase a todos os asistentes a un viño que será amenizado por un cuarteto de jazz.

DELEGACIÓN DE VIGO DO COAG

TEMA.- Fachada industrial de Vigo

A Delegación de Vigo, coa elección deste ano, pretende descubrir á sociedade partes da industria de Vigo que, por habituais, poden pasar desapercibidas, por escondidas poden non coñecerse e por coñecidas e simbólicas, poden non verse comprendidas na súa función estruturante. Para dar a coñecer estas zonas, o Colexio contará coa axuda de profesionais de diferentes disciplinas que achegarán outras visións do coñecido e parte da historia urbana da cidade.

O primeiro paseo, que será o luns, Día Mundial da Arquitectura, será polos límites entre a cidade, o porto e a ría. Este paseo contará coa colaboración do catedrático da Universidade de Santiago, Xoán Carmona Badía especialista en Historia Económica de Galicia, que explicará parte da historia da cidade a través das súas industrias situadas na beiramar.

ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O PRÓXIMO LUNS-6 DE OUTUBRO

- **16.30 horas.- Fachada da cidade.** Paseo camiñando desde Guixar a Bouzas co catedrático de Historia Económica, Xoán Carmona Badía.

Sábado, 11 de outubro

- **12.00 horas.- A ría en perspectiva.** Paseo en barco pola ría de Vigo (Estación marítima de Vigo-Cangas-Cesantes-Canido-Estación marítima de Vigo)

Sábado, 18 de outubro

- **12.00 horas.- As cidades de Vigo.** Visita ao Polígono Industrial de Valadares co arquitecto Alfonso Penela Fernández. Partirase desde o Berbés.

Sábado, 25 de outubro

- **16.30 horas.- Cidade (industrial) difusa.** Visita aos polígonos de A Granxa e As Gándaras co arquitecto Juan Luis Dalda